

Ana e a protectora

Escrito por
Cristina
Soler

Patunô

Ilustracións
de Juanjo
Jiménez



Escrito por: Cristina Soler

Deseño e maquetación: Editorial MIC

Texto orixinal: Cristina Soler

Ilustracións: Juanjo Jiménez

Edita: © Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.
Secretaría Xeral Técnica. Centro de Publicacións

NIPO en liña: 129-23-021-8

<https://cpage.mpr.gob.es/>

Autorízase a difusión en liña e a reprodución reprográfica destes materiais sen carácter comercial, con fins docentes e de divulgación, por institucións docentes, asociacións e calquera outras entidades privadas sen ánimo de lucro. En ambos os dous casos, deberase respectar a súa integridade, así como os créditos editoriais.

Para calquera outro uso deberase solicitar autorización ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 como titular dos seus dereitos.

Ana e a protectora Patunã









AO DIA SEGUINTE





Esta é a zona onde os bañamos,
cortámoslles o pelo e peiteámoslos. Que por
certo, Mila e Niko necesitan un baño...



Soa
refrescant
e! Cando
rematemos
podemos
bañalos.



Tes algunha
experiencia cos
animais? Sabes
bañalos?

Non, sempre quixen ter un can ou un
gato pero non consigo convencer á
miña nai.

Nese caso tes
sorte de que
faga bo tempo,
prepárate
para
enchouparte.



Si, hai algúns que chegan nun estado lamentable, pero logo dun par de meses de coidados e mecos recuperan. É moi gratificante poder axudalos.

Atopádelos vós ou tráenvolos porque xa non os queren?



Temos un pouco de todo, ás veces atopámoslos con moi mala saúde e tristes. Outras veces tráennolos os propios donos en bo estado, pero cando marchan rómpenlles o corazón. Sempre temos que facer todo o posible para que non se depriman.

Pobriños.

Si, pero iso non é todo.




Tamén recibimos animais de xente á que lle quitaron a custodia por coidalos moi mal ou mesmo animais abandonados que foron atropelados pero que aínda teñen forza para seguir vivindo.

Ten que ser moi duro velos así.

É, pero son moi fortes e agradecidos. Énchenos de vida poder estar aí para eles.





Volvemos mesmo onde comezamos, a recepción. Neste ordenador facemos os carteis dos animais que se poden adoptar, logo colgámoslos nas nosas redes sociais para ver se conseguimos algunha familia interesada.



Non son gran cousa pero polo menos dámoslles visibilidade aos nosos amigos peludos.




Seguro que Luís faría mellores carteis, dáselle xenial este tipo de cousas.



Non están mal, mellor iso que nada.

Iso mesmo digo eu! Tamén rexistramos a entrada de todos os cans e os gatos que veñen e os que finalmente son adoptados.







Póñome coas tarefas antes de ir á protectora e repaso antes de ir durmir.

Só de pensalo éntame o cansazo. Eu necesito durmir a sesta e aos poucos empezar coas tarefas e cos estudos.



Veña, a ver se cando nos quitemos todo isto de enriba podes botar unha ollada aos carteis.

Si, máis adiante véxoos



POLA TARDE NA OFICINA DA PROTECTORA

Ola! Que podo facer hoxe?


Ola! Marronciño e Canela están a desexar saír pasear. Apúntaste? Claro!



Claro!



Se tes que facer outra cousa non fai falta que me acompañes, non creo que sexa moi difícil.

Non te preocupes, a min tamén me vén ben saír camiñar un pouco. Ademais, gústame estar convosco as primeiras veces. Logo deixareite ir pola túa conta.










**DÚAS SEMANAS DESPOIS, ANA XA SABE
DESENVOLVERSE NA PROTECTORA SEN A
AXUDA DE CARLOS**







Vin que ten pulgas, carrachas, apesta e está nos ósos. Agora ímolo levar ao veterinario para que o examine.

Pobriño, non sei como pode haber xente así. Tan difícil é levalo a unha protectora en vez de abandonalo por aí?

Hai xente que pensa que os animais saben desenvolverse sós, pero nada máis lonxe da realidade.



Veña, amiguíño, co bo que es unha vez que che aseemos e alimentemos ben vanche adoptar deseguido. Es unha monada, e moi dócil.

Xa estás a salvo precioso.



Ten unha boa infestación de carrachas e piollos. Voulle pór agora mesmo unha pipeta para desparasitalo. Lembra que non o poderedes bañar ata pasados uns días. É mellor deixalo un pouco tranquilo.

Grazas polos teus coidados.



AO CABO DUNS DÍAS, NA ZONA DE BAÑO DA PROTECTORA

Ana, se che parece ben, voulle dar o primeiro baño eu mentres ti me axudas a tranquilizalo acariñándoo e dándolle algunha lambonada.


Claro. Pobriño, está a tremer.











Por certo, Ana. Aínda non lle puxen nome ao can que rescatamos. Queríache deixar esa honra a ti. Que nome queres poñerlle?

De verdade podo elixir o nome?


Claro, axudáchesme a rescatalo, que mínimo.


Gustaríame chamarlle Thor.

Meu dito, meu feito! Vémonos mañá!

Vou despedirme de Thor e marcho. Adeus!









AO DIA SEGUINTE A TITORA DE LUIS DEULLE O VISTO E PRACE PARA PÓR OS CARTEIS NA ENTRADA DO INSTITUTO



MÁS TARDE NA PROTECTORA











Á MAÑÁ SEGUINTE
NO INSTITUTO

INSTITUTO

Alégrome moitísimo por ti,
sei o cariño tan especial
que lle colliches a Thor.

Cando a miña nai me dixo
que o quería adoptar outra
familia case me poño a
chorar os sete chorares.



Onte falei con Carlos, é moi simpático.
Dixenlle que pode contar comigo para
facer máis carteis e que esta tarde van
ir moitas familias ver os animais.

Espero que consigamos máis
adopcións.



MAÍS TARDE

PaTUNä





**LOGO DUNHA INTENSA TARDE DE ADOPCIONS,
CARLOS, ANA E THOR QUEDAN SÓS NA OFICINA**





Ana e a protectora PaTuna

Sinopse:

Ana sempre quixo un can, pero a súa nai non cre que estea preparada para telo. Cando ten a oportunidade de facerse voluntaria na protectora Patuna, Ana non o dúbida. Descubre con ela como ser voluntaria e como as protectoras axudan os animais abandonados.



MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

SUBSECRETARÍA
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

DIRECCIÓN GENERAL
DE DERECHOS
DE LOS ANIMALES